

Programación cultural

Oleiros

setembro · decembro

2021



**Concello de
Oleiros**

www.oleiros.org

Sábado 25 de setembro ás 20:30 h

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Tirabeque Teatro:


JoeJufy, The Hunter

Creación: Creación colectiva Tirabeque Ka'avo**Dirección artística:** Tirabeque Ka'avo**Elenco:** Julia Laport, Héctor Martínez e Lucía Barcos**Xénero:** teatro/contemporáneo • **Duración:** 70 minuto • **Público:** adulto

Sinopse: Joejufy, The Hunter é unha proposta escénica sobre a situación actual. Vivimos nunha sociedade que ten presión por chegar a ningures e consome cegamente sen pensar nas consecuencias.

Quixemos tratar este tema que afecta a todes por igual en maior ou menor medida, sempre desde a nosa perspectiva e vivencias propias. Un reflexo de nós mesmos como sociedade de consumo, do impacto da fast fashion e dos canons estéticos. O efémero escaparate onde vivimos, xa sexa camiñando pola rúa, nunha estrea ou nas moi importantes redes sociais.

Para isto investigamos os procesos de creación das prendas que vestimos, de onde nace o impulso máxico e artístico, da curta vida das nosas prendas, do significativo e o significado destas. Navegamos por fábricas, tecidos, augas contaminadas e pedras de strass.

**Prezo: 2,5 €**

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

TEATRO

Programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios-AGADIC

Sábado 2 de outubro ás 20:30 h

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Produccións teatrais excéntricas:

Estrela do día



Creación: Quico Cadaval

Dirección: Marcos PTT Carballido

Elenco: Patricia Vázquez, Víctor Mosqueira, Rocío González e Evaristo Calvo

Xénero: teatro / comedia • **Duración:** 90 minutos • **Público:** adulto

Sinopse: Sabías que se conservan máis de 400 milagres de Santa María, en códices do século XIII... en galego?, Sabías que a Divina Señora adquiría as formas máis sorprendentes para axudar ás persoas infelices que llo pedían?, Sabías que nos tempos de medo e incerteza que estamos a vivir, hai millóns de persoas que seguen a pedir un milagre de María, a Estrela Matutina?, Sabías que a maioría dos milagres da Señora serían hoxe condenados pola igrexa e perseguidos polo código penal?

Para contar todas estas cousas, P.T. Excéntricas presenta, **Estrela do día**, unha comedia divina, chea de cor, de música, de misterio e de humor. A palabra poética dos códices foxe do libro e encárnase na escena. **Estrela do día** virá iluminar os nosos corazóns con toda a divina ostentación do teatro: a música e a comedia, a sorpresa e a cor, a emoción e a fortaleza. En definitiva, a invención dun novo mundo diante dos nosos ollos. Unha visión actualizada dos milagres de Santa María aplicados aos problemas actuais (asombrosamente parecidos aos daquel século XIII) volverán a desfilar diante dos nosos ollos, neste retablo do século XX, os soldados que foxen da guerra, a mociña obrigada a casar con quen non quere, os que expulsados dos seus lares son amoreados como gando, os presos por roubar comida, a monxa que foxe do convento, o que cansado deste mundo, quere vivir noutro sen morrer, o que perde unha pelota e daría o que ten para seguir xogando, a que foxe da manda de brutos que a acosan, os que perden a compañía do animal que prefiren calquera humano, a que procura a curación da enfermidade mortal... Dramas resolvidos pola intervención milagreira de María con aparicións dignas da mellor vedete de variedades.

Prezo: 3,5 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 9 de outubro ás 20:30 h
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

A Formiga Producións:

Alén

Creación: A Formiga Producións Teatrais

Dirección: Gustavo del Río

Elenco: Silvia Lorenzo e Daniel Celester

Xénero: teatro/comedia • **Duración:** 65 minutos • **Público:** adulto

Sinopse: Mamá morreu. E agora, que?

A Formiga presenta o seu primeiro espectáculo profesional; unha comedia negra de creación colectiva sobre o tema negro por excelencia, a morte, e cuxo nome nos remite non só o máis alá dos espíritos e da Santa Compañía, senón tamén ao dos vivos, ao dos que quedan na Terra. Alén é, por tanto, tamén aquí. Unha visión holística do deceso e de como este, paradoxicamente, afecta a todos os campos da vida. Aínda que se cadra a nós dun xeito algo diferente. Despois de todo, Galicia sempre tivo unha relación moi próxima coa morte, non si...?



Prezo: 3,5 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

Domingo 10 de outubro ás 20:00 h

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Asociación Cultural Cardume:

Galegos, mulatas e negros

Autoría: Gustavo Pernas (adaptación)

Dirección: Matilde Blanco

Elenco: Manuel Pernas, Nelly Varela, Carlos Novo, Emilio Caínzos, Nieves Alcañíz, Rafa Fernández, Jaime Naveira, Flor Pérez Ferreiro, Carlos Novo, Emilio Caínzos, More de la Cal, Rafa Fernández, José Luís González Pampín, María José López Ferrer, Miguel Ángel Jeres, Isabel Dobarro e Ana Vázquez Lojo

Xénero: comedia • **Duración:** 90 minutos • **Público:** adulto

Sinopse: comedia baseada na peza teatral do grande dramaturgo, actor e historiador galego Gustavo Pernas Cora O Galego, A Mulata e o Negro. Esta obra semella ser unha reconstrución do noso pasado galaico-caribeño representado en cinco actos onde diversos galegos, mulatas e negros dan vida a quince personaxes que se desenvolven e transforman segundo van transcorrendo os cambios políticos e sociais en Cuba dende 1886 ata 1990. Escravos africanos, emigrantes e mulatas que amosan coas súas andanzas unha panorámica histórica en clave de humor.



Prezo: 2,5 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:00 horas, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 16 de outubro ás **20:30 h**

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Os Náufragos Teatro:

Pura

Creación: Gustavo del Río

Dirección: Gustavo del Río

Elenco: Denis Gómez, Rebeca Vecino, Sete Eiroa, Nicolás Gaude e Gustavo Del Río

Xénero: teatro/contemporáneo • **Duración:** 75 minutos • **Público:** adulto

Sinopse: Pura fala dos nosos maiores. En concreto, a orixe da nosa peza, é a avoa Pura, familia do noso director, que serve coma fío condutor do espectáculo. Pura tamén está de aniversario, 94 anos e o seu desexo é ir de novo a ver un filme ao Cine París da Coruña. Un cine que xa non existe como cine.

Pura fala de memoria histórica, das lembranzas que aínda perduran nas nosas avoas, da reminiscencia, dos lugares que un día foron parte da nosa vida e tamén, entra no conflito da especulación inmobiliaria e da destrución do patrimonio cultural.

Queremos ter un recordo para todos os nosos maiores que xa non están connosco.



Prezo: 3,5 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 23 de outubro ás **20:30 h**

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

A Quintana Teatro

O premio

Dramaturxia: Santiago Cortegoso

Dirección: Marián Bañobre

Elenco: Victoria Teijeiro, Raquel Espada e Xurxo Cortázar

Xénero: comedia • **Duración:** 90 minutos • **Público:** maiores de 12 anos

Sinopse: O premio é unha comedia aceda que fala da situación das persoas dentro dun futuro próximo no que o progreso tecnolóxico e a loita cara ao éxito económico, sentimental e social fose tal, que se viron obrigadas a caer en "O Premio" como única fórmula de conseguir a felicidade. **O premio** é un reality en directo onde o público vota a quen merece levar o premio da súa vida: "Morrer logrando a fama. Todo por un soño". Tres finais posibles en función do desexo do público.



Prezo: 3,5 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 30 de outubro ás 20:30 h

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Teatro do Atlántico:

Libre coma os paxaros

Creación: Rosalía de Castro/Xúlio Lago

Dirección: Xúlio Lago

Elenco: María Barcala

Xénero: teatro/drama • **Duración:** 60 minutos • **Público:** adulto



Sinopse: A base fundamental para a elaboración da posta en escena deste espectáculo son os textos de Rosalía de Castro –Lieders, poemas, artigos, prólogos–, engarzados con outros materiais que contextualizan e conforman unha vía pola que transitar o pensamento da nosa autora e o seu compromiso irrenunciable diante dos acontecementos e conflitos protagonistas na sociedade do seu tempo, e que son sorprendente reflexo dos que hoxe nos preocupan.

Unha muller toma a palabra e proclámase posuidora da súa liberdade. Declara, desafiante, non someterse ás regras da arte no exercicio da súa actividade creativa, nin acatar mandatos dos seus iguais.

Declara o seu amor pola literatura, a poesía e a lingua do seu país; o seu respecto e admiración polas escravizadas mulleres do seu pobo; e expresa a súa solidariedade e a súa dor polas miserables condicións de vida que aquelas teñen que soportar.

Denuncia o espolio do patrimonio forestal; a traxedia da emigración á que se ven obrigados centos de miles de compatriotas para poder sobrevivir, eles e as súas familias, a fame e á miseria.

Muller galega. Filla de nai solteira. E de pai cura. Chámase María Rosalía Rita de Castro.

Prezo: 3,5 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

TEATRO

Programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios-AGADIC

Sábado 6 de novembro ás 20:30 h

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Redrum Teatro:

O mozo da última fila

Creación: Juan Mayorga

Dirección: Alex Sampayo

Elenco: Guillermo Carbajo, Roberto Leal, Belén Constenla, Mónica García, Machi Salgado e Rúben Porto

Xénero: teatro/comedia • **Duración:** 100 minutos • **Público:** adulto



Sinopse: Claudio é un estudante de secundaria que senta na última fila. Non fala, non participa, non é problemático, non destaca, salvo en Matemáticas. Cada clase fáiselle máis insoportable ata que Xermán, o profesor de Lingua e Literatura, manda escribir unha redacción sobre a fin de semana. A partir dese intre, Claudio empeza a transformarse en alguén que observa, imaxina e escribe a vida doutros nun relato por entregas para un só lector. Ese relato compartido polo discípulo e o mestre converterase nun xogo cada vez máis perigoso para eles e para quen os rodea. Un xogo que se disputa en dous taboleiros: o da vida e o da literatura.

Unha reflexión cargada de ironía sobre a necesidade de contar historias, a fascinación polas vidas alleas e a lexitimidade da creación artística. Dirixida por Alex Sampayo e cun reparto de luxo, este texto foi escollido en 2018 dentro de plans de fomento á lectura en institutos de secundaria.

Prezo: 3,5 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 13 de novembro ás **20:30 h**

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Marta Tejada Alonso:

Bailar agora

Creación: Victoria P. Miranda, Pablo Reboleiro e Marta Alonso Tejada

Dirección: Marta Alonso Tejada

Elenco: Marta Alonso Tejada

Xénero: danza contemporánea • **Duración:** 60 minutos • **Público:** adulto

Sinopse: "Bailar é acadar a palabra que non existe, cantar unha canción de mil xeracións. Sentir o significado dun momento." (Beth Jones)

Bailar agora é unha sorte de imperativo cara a un posicionamento no presente, social e persoal, a través da danza. Un impulso por situarnos no tempo actual das cousas, con plena consciencia sobre o que estamos a facer e como estamos a vivir o aquí e o agora. A proposta sobre como facelo é clara: Bailando.

Nun mundo en constante precipitación, o tempo esgótasenos proxectándonos nun futuro que nunca chega. **Bailar agora** propón unha atención no presente e no concreto, na carne e no movemento, no movemento que é pensamento, investigando unha linguaxe humorística e crítica a través do movemento e a través dunha proposta escénica de danza moi física.

Bailar agora pon en contacto á bailarina e creadora Marta Alonso Tejada coa bailarina e directora internacional Victoria P. Miranda.



Prezo: 3,5 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

Domingo 14 de novembro ás 20.00 h

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Centro Dramático Galego (CDG):

O charco de Ulises



Creación: Santiago Cortegoso

Dirección: Marián Bañobre e Santiago Cortegoso

Elenco: Óscar Allo, Miguel Borines, Mónica Camaño, Rosalía Castro, Raquel Espada, Manuel Millán, Fran Paredes, Chusa Pérez de Vallejo, Inés Salvado Gontad e Paulo Serantes

Voces en off: María Solar, Santiago Cortegoso, Baia Fernández, José Manuel González Sanmartín

Xénero: drama • **Duración:** 100 minutos • **Público:** adulto

Sinopse: **O charco de Ulises** é unha versión libre da Odisea traspasada a un contexto atlántico. Do mar ao océano. De Ítaca a Galicia. De Troia a Bos Aires. Do Mediterráneo ao Atlántico. Ulises está considerado, na cultura occidental, o primeiro emigrante; o primeiro ser humano que experimentou a nostalgia pola súa terra. En Galicia temos dúas palabras máis para chamarlle a isto: saudade e morriña. Un sentimento complexo, consecuencia dun fenómeno complexo. A peza transcorre en paralelo co desenvolvemento argumental da obra de Homero: a viaxe de Telémaco na procura do seu pai (visitando a Néstor, a Menelao e Helena...) e a de Ulises polas diferentes illas nas que se atopa con personaxes fantásticos (Calipso, Circe, Nausícaa, Polifemo, o canto das sereas...). Vaise pegando e separando do mito orixinal, xerando un diálogo co clásico para xogar con el, para traizoalo en moitas ocasións e, sobre todo, para tratar o fenómeno da emigración galega cun marcado compoñente poético. E tamén para darlle unha nova dimensión ás personaxes femininas que aparecen na Odisea.

O charco de Ulises trata da viaxe como concepto vital da existencia do ser humano no tempo, trata dos movementos migratorios, do multiculturalismo, da necesidade –ou non– de traspasar calquera fronteira. Fai unha relectura do clásico universal de Homero contextualizándoo nun fenómeno sociolóxico que marcou a historia do pobo galego.

Prezo: 3,5 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:00 horas, ata completar a capacidade da sala.

Venres 19 de novembro ás **20.30 h**

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Fundación Rogelio Groba/Centro Dramático Galego (CDG):

O neno Groba e Música

Dirección: Ramiro Neira

Elenco: Ramiro Neira

Texto: Lidia Fraga • **Ilustracións:** Julio Seijas • **Producción:** Fernanda Flores

Xénero: teatro/música • **Duración:** 55 minutos • **Público:** familiar

Sinopse: A Fundación Rogelio Groba achéganos **O neno Groba e Música**, peza teatral na que se fai unha viaxe polas vivencias do compositor e director Rogelio Groba, desde a súa primeira infancia ata a súa volta ao lugar natal transportándonos así a esa Galicia profunda e máxica onde comezou a súa vocación musical, e onde despois de moitos anos, coa súa volta a Ponteareas, volveu atopar á pequena Música, xunto con **"todos aqueles sons que tanto amaba: o canto dos paxaros, o rumor da auga e do vento... A música da natureza, da súa infancia nunha pequena aldea do abeiro do máxico monte de San Cibrao"**.



Prezo: 2,5 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

TEATRO

Programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña

Sábado 20 de novembro ás **20.30 h**

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Teatro do Noroeste:

As virxes salvaxes

Creación: Eduardo Alonso

Dirección: Eduardo Alonso

Elenco: Luma Gómez, Elina Luaces,
Rosa Álvarez, Imma Antón, Ana Santos,
Manuela Varela, Miguel Pernas e Fernando González

Xénero: teatro/comedia • **Duración:** 90 minutos • **Público:** adulto



Sinopse: *As virxes salvaxes* é unha comedia sobre a absurda pero necesaria situación de recluir os nosos maiores en institucións que os atendan e coiden. Non sempre foi así. Nas culturas rurais, os maiores tiveron sempre unha función, unha ocupación que daba sentido ás súas vidas ata o final. Mais chegaron as prásas e os apuros da cultura urbana e nela, os maiores non teñen cabida, son un estorbo, é preciso desfacerse deles amoreándoos en institucións conibidas para iso.

Nunha destas institucións, varias internas realizan, mesmo sen sabelo nin pretendelo, a súa propia revolución.

Aproveitando a entrada dunha nova interna que é levada alí pola súa filla que non pode atendela, varias internas comezan a cuestionar a institución non deixando nada en pé. A modo de metáfora da propia sociedade, as xentes de ben revélanse contra as imposicións absurdas e desmedidas. O caos que xeran pon a realidade contra as súas propias contradicións, creando situacións tremendamente divertidas. A comedia como factor de crítica ante unha realidade que cada vez se amosa máis pechada en si mesma.

Dalgún xeito, este espectáculo é unha homenaxe, se cadra un algo irreverente, aos nosos maiores máis revoltosos.

Prezo: 5 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

Sábado 4 de decembro ás 20.30 h

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Javier Martín:

Figuras do Limiar

Autoría e coreografía: Javier Martín

Dirección artística e coreográfica: Javier Martín

Asistencia ao movemento: Pep Ramis


Movemento: Javier Martín

Iluminación: Octavio Mas

Espazo sonoro: Javier Martín

Produción e acompañamento teórico: Sabela Mendoza

Xénero: danza • **Duración:** 75 minutos



Sinopse: *Figuras do limiar* é o título do novo proxecto de Javier Martín, coreógrafo e bailarín galego con 15 anos de traxectoria profesional, recoñecido polas súas achegas innovadoras ás artes do movemento, a procura de novas linguaxes, o traballo investigador, a improvisación como rigor escénico e o encontro con outras disciplinas artísticas.

Un limiar refírese ao tránsito. Ao concepto de «cruzar o limiar», característico dos ritos e cerimonias de paso, e presente en innumerables culturas desde tempos antigos e que sempre implica un corpo en movemento nun acontecemento feito danza social.

O famoso arquetipo do «gardán do limiar» refírese a aquelas figuras que adquiren as formas dos nosos medos máis íntimos: gardan o limiar pero non para negarnos a entrada, senón para animarnos a vivir o labirinto oportuno que fai posible a transformación e, polo tanto, o paso. É necesario vestir as peles das bestas, habitar as máscaras. Vibrar coa forma do monstro, disólverse no Outro e incorporar a diferenza.

Prezo: 2,5 €

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

- Por mor das indicacións e medidas de seguridade e hixiene fronte á COVID-19, será obrigatorio asistir con máscara, así como atender as indicacións e normas da organización.
- Prégase puntualidade.
- Por respecto, tanto aos e ás artistas como ao público, non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.
- Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.
- Os móbiles permanecerán apagados durante o espectáculo.
- Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.
- Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.
- Todos os espectáculos poderán sufrir modificacións canto a datas, horarios ou capacidade da sala en función da situación da normativa legal vixente e da situación epidemiolóxica.



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

galicia



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Deputación
DA CORUÑA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais